

## **BASES CONCURSO DECORACIÓN DE NADAL DE ALDEAS DO CONCELLO DE FORCAREI.**

### **1. OBXETO**

O Concello de Forcarei presenta o Concurso de Decoración de Nadal “Decora a túa aldea”, dirixida a incentivar a decoración do noso concello con diferentes obxectivos:

- Dinamizar a participación activa dos/as cidadáns do Concello de Forcarei.
- Colaborar en infundir un ambiente de nadal decorativo baseado en valores como o traballo en común e a cooperación.
- Dispoñer de elementos decorativos que aporten ás aldeas un entorno de Nadal acolledor e de ilusión.
- Dar protagonismo aos veciños e veciñas.
- Fomentar o uso de materiais reciclables como recurso educativo á cidadanía a través da transformación do espazo.

### **2. PARTICIPANTES**

Establécense dúas categorías para o concurso:

→ Familiar: Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas que realicen a súa montaxe no seu balcón, ventá, porta, fachada da casa ou xardín exterior en núcleos ou aldeas.

→ Colectiva: Poderán participar os veciños de cada unha das aldeas e que realicen un montaxe de decoración de Nadal, así como os motivos tradicionais da mesma, tendo @s participantes plena liberdade en canto a técnica e estilo. @s participantes ceden o dereito de imaxe da súa decoración ao Concello de Forcarei.

### **3. PROXECTOS DE DECORACIÓN:**

Os espazos poderán ser, segundo a categoría:

- a) Familiar: Balcón, ventá, porta, fachada da casa ou xardín exterior.
- b) Colectiva: Aldea.

A decoración deberá ter relación coa festividade do Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os/as participantes plena liberdade en cando á técnica e estilo.

#### **4. MATERIAIS UTILIZADOS**

Para decoración de Nadal, poderanse usar todo tipo de materiais que os/as participantes consideren oportunos, así como materiais procedentes da natureza ou outro medio natural. Poderanse usar así mesmo, elementos de decoración iluminativos.

#### **5. INSCRICIÓN**

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán tramitar as súas inscrición dende o 6 de decembro de 2021 ata o día 22 de decembro de 2021, sendo recollida as inscricións:

- Chamando ao número 986755036 Oficinas Xerais do Concello de Forcarei.
- Na dirección de correo electrónico: [alcaldia@forcarei.net](mailto:alcaldia@forcarei.net)

Para a realización da inscrición será necesario indicar a categoría na que desexa participar “familiar” ou “colectiva”, nome do colectivo e da aldea (se procede), nome e apelidos da persoa de referencia do concurso, dirección da casa participante (se procede), así como un número de contacto e a aclaración dos materiais utilizados polos participantes.

No caso de realizalo na categoría familiar deberá enviar un mínimo de tres fotos da decoración realizada.

#### **6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

- O montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos será realizado por cada participante. Os elementos decorativos deberán estar expostos a partir do día 21 de decembro de 2021 ata o 6 de xaneiro de 2022, ambos inclusive. Se non se cumprira dita condición, desestimárase a participación nesta ocasión.

Durante a exposición do decorado, permitirase a visita dos mesmo á poboación en xeral, de forma totalmente gratuíta e sen condición algunha.

Elaborarase por parte do Concello un listado dos/as participantes neste concurso coa finalidade de que a poboación poida coñecer a súa localización e así poder gozar do traballo realizado.

En caso de que se produza algún tipo de desperfecto do material utilizado durante o período de exposición, este será responsabilidade do colectivo en particular que montou a decoración, sendo competente para a súa subsanación.

#### **7. XURADO**

O xurado estará composto por 5 persoas do Concello de Forcarei.

## **8. VALORACIÓN**

Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal de cada aldea, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño
- b) Orixinalidade
- c) Iluminación
- d) Utilización de materiais reciclables.

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos polos membros do citado xurado, dará lugar aos/ás gañadores/as do concurso.

En caso de empate, volverase a puntuar, pero nesta ocasión puntuarase do 1 ao 3 aquelas decoracións empatadas, así sucesivamente ata que haxa un/unha claro/a gañador/a.

As/os concursantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.

## **9. PREMIOS.**

→ CATEGORÍA COLECTIVA: Iluminación de Nadal do Concello na aldea gañadora na próxima festividade de Nadal.

→ CATEGORÍA FAMILIAR: Cesta de produtos do noso concello valorados en 200 €.

## **9. ENTREGA DE PREMIOS:**

A entrega de premios realizarase durante a celebración da Cabalgata de Reis, o 5 de xaneiro de 2022 en Forcarei.

A inscrición neste concurso implica a aceptación expresa das súas bases na súa totalidade.